

## **ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 24 DE MARZO DO 2006.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de marzo de dous mil seis; ás dez e cuarto da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, en funcións, Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Concelleiro asistentes: Dona Luisa del Carmen Escudero Centrón e Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente a Secretaria Dona Patricia Hernández Estévez e o Interventor acctal. Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 20 de Marzo do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- ASUNTOS VARIOS.-**

#### **ORDE DO 13 DE FEBREIRO DE 2006 AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS A SUBVENCIONAR A REALIZACIÓN DE OBRAS DE CONSTRUCCIÓN, ADAPTACIÓN, MELLORA E EQUIPAMENTO DAS SEDES DAS ENTIDADES LOCAIS.**

“Vista a Orde de 13 de Febreiro de 2006 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras de construción, adaptación, mellora e equipamento das sedes das entidades locais, publicada no DOGA nº 38, de 23 de febreiro de 2006.

Tendo en conta que ditas subvencións van destinadas ás entidades locais de Galiza que teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo cos datos do derradeiro padrón de habitantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención para equipamento mobiliario e de oficina, de acordo co punto 3.2) da Orde.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no punto 2.2 da mesma.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.”

**ORDE DO 14 DE FEBREIRO DE 2006 AXUDAS ECONÓMICAS DESTINADAS A SUBVENCIONAR A REALIZACIÓN DE OBRAS E EQUIPAMENTOS POR PARTE DAS ENTIDADES LOCAIS DE GALIZA.**

“Vista a Orde de 14 de Febreiro de 2006 pola que se anuncian axudas económicas destinadas a subvencionar a realización de obras e equipamentos por parte das entidades locais de Galiza, publicada no DOGA nº 38, de 23 de febreiro de 2006.

Tendo en conta que ditas subvencións van destinadas ás entidades locais de Galiza que teñan menos de 30.000 habitantes, de acordo cos datos do derradeiro padrón de habitantes.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda:

Primeiro.- Solicitar a devandita subvención.

Segundo.- Acollerse a devandita Orde, asumindo o cumprimento das condicións recollidas na mesma e remitindo a correspondente solicitude coa documentación sinalada no punto 3.2 da mesma.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.”

E sendo as dez e media da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.